Enquisa estrutural a fogares

METODOLOXÍA

1. Introdución

A "Enquisa estrutural a fogares" (EEF), antes denominada "Enquisa de condicións de vida das familias", é unha actividade estatística anual que desde 1999 realiza o Instituto Galego de Estatística. Trátase dunha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñado para recoller información sobre variables básicas que, pola súa importancia e dinamismo, necesitan unha periodicidade anual e un segundo módulo de carácter específico dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos.

2. Obxectivos

Os obxectivos principais da "Enquisa estrutural a fogares" son os seguintes:

- Analizar e describir as características principais dos fogares galegos e as diferenzas existentes entre as distintas áreas territoriais galegas.
- Proporcionar información sobre as características socioeconómicas da poboación e dos fogares galegos.
- Coñecer a contía dos ingresos dos fogares galegos e a súa tipoloxía, proporcionando información significativa sobre aqueles fogares cuns ingresos monetarios menores.
- Coñecer a contía dos gastos comúns dos fogares galegos e a súa relación con diversas variables socioeconómicas.

Ademais, a "Enquisa estrutural a fogares" ten cada ano uns obxectivos asociados ao módulo de carácter específico:

Ata o ano 2025 foron os seguintes:

- Anos 1999, 2005, 2010, 2015, 2020 e 2025. Módulo de características básicas dos fogares: obter información sobre as características das vivendas, as infraestruturas do seu contorno e o equipamento dos fogares.

- Anos 2001, 2007 e 2016. Módulo de condicións no traballo: analizar as condicións no traballo das persoas ocupadas.
- Ano 2002. Módulo de relacións familiares e sociais: proporcionar resultados que permitan investigar a carga que supón á poboación galega a realización das tarefas do fogar e o coidado non remunerado de nenos e persoas en situación de dependencia.
- Anos 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023. Módulo de coñecemento e uso do galego: analizar o grao de coñecemento do idioma galego nas súas distintas formas e o seu uso en distintos ámbitos sociais.
- Ano 2004. Módulo de formación e inserción laboral: obter información básica sobre a formación recibida polos traballadores e avaliar o proceso de inserción no mercado laboral.
- Anos 2006, 2014 e 2024. Módulo de ocio e hábitos culturais: analizar as actividades de ocio e os hábitos culturais da poboación galega.
- Anos 2007, 2011, 2017 e 2023. Módulo de dependencia: obter información sobre as persoas en situación de dependencia que viven en fogares privados, así como das persoas que coidan, de forma non remunerada, persoas en situación de dependencia, sexan do seu propio fogar ou non.
- Anos 2008, 2013, 2018 e 2022. Módulo de novas tecnoloxías: avaliar o uso e extensión das novas tecnoloxías na poboación galega.
- Anos 2009 e 2012. Módulo de gastos: ofrecer información sobre os gastos dos fogares galegos, tanto da súa contía como da súa tipoloxía: gastos xerais (luz, auga, gas...), educación, saúde e protección social.
- Anos 2012 e 2017. Módulo de coidado de menores: obter información sobre o tempo que os menores ata 12 anos pasan en garderías ou escolas, os servizos adicionais que utilizan (comedor, apertura antes do horario escolar...), así como as medidas e solucións que adoptan os pais á hora de conciliar a súa vida laboral co coidado dos nenos, incluíndo os coidados proporcionados por outras persoas (avós...).
- Anos 2014, 2019 e 2024: Módulo de capital social: benestar: investigar o nivel de benestar da poboación galega desde a perspectiva do capital social mediante a análise da satisfacción xeral, as relacións persoais, o estado de saúde e o estado emocional, a seguridade e a confianza.
- Anos 2015 e 2025: Módulo de mobilidade: investigar as características dos desprazamentos que realiza a poboación galega ao centro de traballo, ao centro de estudos ou os realizados por outros motivos.

- Ano 2021: Módulo de impacto da pandemia: analiza os efectos provocados pola pandemia da Covid-19 na situación económica, no traballo e nas relacións familiares da poboación galega.

3. Definicións

Vivenda familiar: considérase vivenda familiar todo cuarto ou conxunto de cuartos e as súas dependencias, que ocupan un edificio ou unha parte estruturalmente separada del e que, pola forma en que foron construídos, reconstruídos ou transformados, están destinados a ser habitados por unha ou varias persoas, e na data da entrevista non se utilizan totalmente para outros fins. Inclúense nesta definición os aloxamentos fixos (covas, remolques, chabolas...).

Vivenda familiar principal: considérase vivenda familiar principal toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual (a maior parte do ano) por un ou máis fogares.

Fogar privado: defínese o fogar privado como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

Fogar principal: considérase fogar principal aquel no que un dos seus membros ten a titularidade da vivenda que ocupa, xa sexa en propiedade ou alugamento. No caso de que a vivenda estea cedida, o fogar principal será aquel no que estea a persoa a favor da que se fixo a cesión.

Membro do fogar: para establecer se unha persoa é membro ou non dun fogar, tense en conta se pernoita habitualmente catro ou máis noites á semana na vivenda (persoa presente) ou se non o fai (persoa ausente).

As persoas presentes son membros do fogar se levan tres ou máis meses presentes, tanto se ocupan outra vivenda permanentemente coma se non, e se levan menos de tres meses presentes e non ocupan outra vivenda permanentemente.

As persoas ausentes son membros do fogar se levan menos de tres meses ausentes e non ocupan outra vivenda permanentemente.

Existen as seguintes excepcións:

- Persoal doméstico interno, que é membro do fogar salvo que teña outro fogar que considere como o seu fogar principal.
- Persoas desprazadas temporalmente a outro lugar, que son membros do fogar no que está o seu núcleo familiar. Entre eles están:
    - Persoas enfermas en sanatorios.
    - Persoas en viaxes de negocio ou ocio.
    - Pescadores no mar.

    - Persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas, nacionais ou estranxeiras.
    - Persoal desprazado por coidado de familiares.
- Estudantes e traballadores desprazados temporalmente, que se consideran membros do fogar se pensan volver reunirse co núcleo familiar cando finalice a causa pola que se desprazaron. No caso de descoñecer esta circunstancia, son membros do fogar se levan ausentes menos dun ano.

Núcleo familiar: o núcleo familiar expresa unha idea restrinxida da familia, limitada aos vínculos de parentesco máis estreitos. O núcleo familiar está composto por un pai ou unha nai con fillos, ou por unha parella con fillos ou sen fillos.

Para formar parte do núcleo familiar, os fillos non deben estar emparellados ou a parella non ser membro do fogar. Ademais, para a determinación dos núcleos familiares deben terse en conta os seguintes criterios:

- A relación pai/nai – fillo ten sempre preferencia sobre a de fillo – pai/nai.
- A relación de parella ten sempre preferencia sobre a relación fillo – pai/nai.

Persoa sustentadora principal: é a persoa membro do fogar que tivo os maiores ingresos no ano natural anterior á realización da enquisa.

No caso de ser varias as que tiveran o mesmo ingreso máximo, a persoa sustentadora principal será aquela que teña a menor idade delas.

Ingreso medio mensual do fogar: o ingreso medio mensual do fogar é a media mensual dos ingresos netos monetarios de todos os membros do fogar no ano natural anterior á realización da enquisa, sexan estes regulares ou non.

Persoas perceptoras de ingresos: son as persoas de 16 ou máis anos que percibiron ingresos monetarios no ano natural anterior á realización da enquisa, independentemente de que a percepción tivera carácter regular ou non, e a fonte destes ingresos. Non se inclúen como perceptoras as persoas que pertencen ao fogar e que reciben ingresos doutros membros do fogar se non hai unha relación formal de traballo entre eles (por exemplo, as asignacións semanais ou mensuais que perciben os fillos para os seus gastos persoais ou os cartos que percibe da súa familia un estudante para pagar a estancia na cidade na que estuda).

Mediana de ingresos dos fogares: a mediana de ingresos é o valor que, ordenando todos os fogares de menor a maior ingreso, deixa unha metade deles por debaixo do dito valor e a outra metade por enriba.

Ingreso equivalente: este concepto corrixe o efecto do número de persoas no volume de ingresos do fogar, facendo comparables os ingresos de fogares con distinto número de membros. Para iso, calcúlanse as unidades de consumo do fogar empregando a escala de equivalencia da OCDE modificada que ten a expresión:

$$[1+0,5*(a-1)+0,3*(b)]$$

onde:

a é o número de persoas de 14 ou máis anos do fogar,

b é o número de persoas menores de 14 anos do fogar.

Defínese o ingreso equivalente do fogar como o ingreso medio mensual do fogar dividido pola expresión anterior.

Limiar de risco de pobreza: correspóndese co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen.

Taxa de risco de pobreza: porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza.

Taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais: porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente (antes de transferencias) inferior ao limiar de risco de pobreza (antes de transferencias).

Para o seu cálculo non se contabilizan dentro dos ingresos dos fogares as transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas, prestacións e subsidios por desemprego) e, posteriormente, recalcúlanse os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar de risco de pobreza antes de transferencias (60% da mediana).

Taxa de risco de pobreza despois de aluguer imputado: porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente (despois de aluguer imputado) inferior ao limiar de risco de pobreza (despois de aluguer imputado).

Para o seu cálculo contabilízase dentro dos ingresos dos fogares o aluguer imputado. O aluguer imputado é o equivalente ao aluguer que se pagaría a prezo de mercado por unha vivenda de características similares á vivenda na que reside o fogar menos o aluguer que realmente se paga. Aplícase, polo tanto, aos fogares que non pagan un aluguer por ser propietarios e a aqueles que ocupan unha vivenda alugada a un prezo inferior ao de mercado. Posteriormente, recalcúlanse os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar de risco de pobreza despois de aluguer imputado (60% da mediana).

Taxa de risco de pobreza despois de aforro en alimentos: porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente (despois de aforro en alimentos) inferior ao limiar de risco de pobreza (despois de aforro en alimentos).

Para o seu cálculo contabilízase dentro dos ingresos dos fogares o aforro causado ao fogar por non ter que comprar algúns alimentos producidos polo propio fogar ou ben regalados por algún familiar ou amigo e, posteriormente, recalcúlanse os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar de risco de pobreza despois de aforro en alimentos (60% da mediana).

Distribución da renda S80/S20: indica, para cada ámbito xeográfico, o cociente entre o total do ingreso equivalente do quintil máis rico e o total do ingreso equivalente do quintil máis pobre da poboación dese ámbito.

Desfase relativo da renda baixa mediana: distancia entre o limiar de risco de pobreza e a mediana dos ingresos equivalentes das persoas en risco de pobreza expresada como porcentaxe do limiar de risco de pobreza:

$$\text{Desfase relativo}_i = \frac{(X - Y_i)}{X}$$

onde:

i é o ámbito xeográfico considerado: Galicia, provincias, áreas,

X é o limiar de risco de pobreza galego,

Y_i é a mediana dos ingresos equivalentes das persoas en risco de pobreza do ámbito i.

Índice de Gini: é o índice máis utilizado para medir a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo. Para o seu cálculo utilízase o ingreso equivalente por persoa, que é o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

Sexan $X_i \; ; i = 1,...,n$ os ingresos, ordenados de menor a maior, das n persoas da mostra e $w_i \; ; i = 1,...,n$ os correspondentes factores de elevación; sexa $Q = \sum_{i=1}^{n} X_i \, w_i$ o ingreso total estimado, de xeito que $Q_i = \frac{\sum_{j=1}^{i} X_j \, w_j}{Q}$ é a proporción de ingreso total acumulado polas persoas con ingreso equivalente menor ou igual a $X_i \; ; i = 1,...,n$; que nos dan as ordenadas da curva de Lorenz; por último $N = \sum_{i=1}^{n} w_i$ representa o total poboacional de persoas. A fórmula empregada para o índice é:

$$IG = 1 - \frac{1}{N} \sum_{i=1}^{n} (Q_{i-1} + Q_i) \, w_i \; \text{; con } Q_0 = 0 .$$

que resulta de simplificar a fórmula: $IG = 1 - 2\,A$, onde A é a área dentro do cadrado unidade baixo a curva de Lorenz que se estima por:

$$A = \sum_{i=1}^{n} \frac{(Q_{i-1} + Q_i)}{2\,N} \, w_i$$

Adulto: considéranse adultas as persoas de 25 ou máis anos e aquelas de 18 a 24 que percibiron ingresos de traballo ou prestacións no ano natural anterior á realización da enquisa ou non conviven con ningún dos seus pais.

Neno e mozo a cargo: todas as persoas que non son consideradas adultas.

Intensidade de traballo remunerado: é o número de días con ingresos procedentes de traballo no ano natural anterior á realización da enquisa para as persoas de 18 a 64 anos.

Intensidade de ingresos regulares: é o número de días con ingresos procedentes de traballo, prestacións e subsidios por desemprego, prestacións contributivas e non contributivas, rendas de aluguer e transferencias por convenios de divorcio no ano natural anterior á realización da enquisa para as persoas de 18 ou máis anos.

Intensidade de ingresos de traballo do fogar: é a suma do número de días con ingresos de traballo que tiveron os adultos do fogar entre o número máximo de días con ingresos de traballo que poderían ter no ano natural anterior á realización da enquisa. A intensidade varía entre 0 e 1, onde 0 é cando ningún adulto do fogar tivo ingresos de traballo e 1 cando todos os adultos do fogar tiveron ingresos de traballo todo ese ano.

Intensidade de ingresos regulares do fogar: é a suma do número de días con ingresos regulares que tiveron os adultos do fogar entre o número máximo de días con ingresos regulares que poderían ter no ano natural anterior á realización da enquisa. A intensidade varía entre 0 e 1, onde 0 é cando ningún adulto do fogar tivo ingresos regulares e 1 cando todos os adultos do fogar tiveron ingresos regulares todo ese ano.

Carencia material (estratexia Europa 2020): unha persoa vive nun fogar con carencia material cando ten carencia, polo menos, en tres conceptos dos seguintes:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).
- Non se pode permitir dispoñer de coche.
- Non se pode permitir dispoñer de ordenador persoal.

Carencia material severa (estratexia Europa 2020): unha persoa vive nun fogar con carencia material severa cando ten carencia, polo menos, en catro conceptos dos seguintes:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).

- Non se pode permitir dispoñer de coche.
- Non se pode permitir dispoñer de teléfono (fixo ou móbil).
- Non se pode permitir dispoñer de televisor en color.
- Non se pode permitir dispoñer de lavadora.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2020): a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
- En carencia material severa.
- Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

Carencia material e social severa (estratexia Europa 2030): unha persoa está en situación de carencia material e social severa cando ten carencia, polo menos, en sete conceptos dos seguintes:

A nivel de fogar:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).
- Non se pode permitir dispoñer de coche.
- Non se pode permitir substituír os mobles deteriorados ou vellos.

A nivel de persoa:

- Non se pode permitir substituír as roupas deterioradas por outras novas.
- Non se pode permitir ter dous pares de zapatos.
- Non se pode permitir reunirse con amizades e/ou familiares para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes.
- Non se pode permitir participar regularmente en actividades de ocio.
- Non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana.

- Non se pode permitir dispoñer de conexión a internet para uso persoal no fogar.

Baixa intensidade laboral (estratexia Europa 2030): unha persoa vive nun fogar con baixa intensidade laboral cando o número de días que as persoas de 18 a 64 anos dese fogar (excluíndo as persoas estudantes de 18 a 24 anos, as persoas retiradas ou xubiladas e as persoas de 60 a 64 anos inactivas que viven nun fogar cuxo ingreso principal son as pensións) tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

Este indicador só se aplica ás persoas de 0 a 64 anos.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2030): a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
- En carencia material e social severa.
- Persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral.

Aforro en alimentos: refírese ao aforro que tivo o fogar en alimentos xa que os produciu o propio fogar ou ben llos regalou algún familiar ou amigo e, polo tanto, lle evitou ao fogar a súa compra.

Aforro en reparacións: refírese a que algún membro do fogar, familiar ou amigo realizou tarefas tales como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles... que supuxeron para o fogar un aforro de máis de 500 euros.

Grao de dependencia (módulo de dependencia): as Actividades básicas da vida diaria (ABVD) son actividades imprescindibles para que unha persoa poida subsistir de forma independente, mentres que as Actividades instrumentais da vida diaria (AIVD) son actividades máis complexas cás ABVD e para a súa realización requísese un maior nivel de autonomía persoal.

As actividades básicas da vida diaria son:

- Asearse e lavarse.
- Vestirse.
- Controlar as necesidades e utilizar só o baño.
- Comer e beber.
- Cambiar as posicións do corpo (dunha cadeira a outra, da cama a unha cadeira...).
- Levantarse, deitarse e permanecer de pé ou sentado.
- Desprazarse dentro do fogar.
- Manter relacións básicas e complexas con outras persoas.

As actividades instrumentais da vida diaria son:

- Outros coidados persoais (cortar as uñas, lavar os dentes...).
- Desprazarse fóra do fogar.
- Usar o transporte público.
- Ocuparse das tarefas do fogar (limpar, pasar o ferro...).
- Ocuparse das compras e controlar os subministros e servizos.
- Usar e xestionar os cartos.
- Administrar e controlar as súas medicinas.
- Evitar os perigos dentro do fogar (esquecer o lume prendido...).
- Evitar os perigos fóra do fogar (cruzar a rúa só...).
- Pedir axuda ante unha urxencia.

Para cada unha desas actividades a persoa en situación de dependencia debe indicar o tipo de apoio que necesita de acordo coa seguinte escala:
1: Non apoio: non necesita axuda para realizar esa actividade.
2: Supervisión/Preparación: necesita que lle fagan indicacións para realizar a actividade de maneira adecuada.
3: Apoio moderado: require que lle axuden fisicamente na realización da actividade (inclúe a preparación dos elementos necesarios para realizar a actividade).
4: Apoio completo: require que o substitúan na realización física da actividade.
5: Apoio especial: presenta trastornos de comportamento que dificultan a prestación de apoio para a realización da actividade.

Para construír o grao de dependencia tómase o correspondente grao de apoio indicado en cada unha das oito ABVD e calcúlase a súa suma, que variará entre:

- 8 (1*8), a persoa non necesita apoio para ningunha das 8 ABVD (aínda que si para algunha das AIVD).
- 40 (5*8), a persoa necesita o máximo grao de apoio para cada unha das 8 ABVD.

A partir do anterior clasifícanse as persoas en situación de dependencia en:

- Dependencia moderada: cando a suma das ABVD se atope entre 8 e 16.
- Dependencia severa: cando a suma das ABVD se atope entre 17 e 24.
- Gran dependencia: cando a suma das ABVD se atope entre 25 e 40.

4. Variables de clasificación

A continuación expóñense as principais variables de clasificación utilizadas para elaborar as táboas de resultados.

4.1. Características xeográficas

A partir da edición de 2008 distinguimos tres desagregacións principais:

Provincias

As catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Áreas

As áreas definidas en cada provincia son as seguintes:

Provincia da Coruña

- *Ferrol-Eume-Ortegal:* comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- *Área da Coruña:* comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- *Área da Costa da Morte:* comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas.
- *A Coruña suroriental:* comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- *Área de Santiago:* comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- *A Barbanza-Noia:* comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- *Lugo oriental:* comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- *Lugo sur:* comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- *Lugo central:* comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- *A Mariña:* comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- *O Carballiño-O Ribeiro:* comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- *Ourense central:* comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- *Ourense sur:* comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- *Área de Ourense:* comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

– *Pontevedra nororiental:* comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

– *Pontevedra sur:* comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.

– *Área de Pontevedra:* comprende a comarca de Pontevedra.

– *Caldas-O Salnés:* comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.

– *Área de Vigo*: comprende a comarca de Vigo.

– *O Morrazo:* comprende a comarca do Morrazo.

Concellos

Os sete concellos incluídos no estrato 0 (concellos autorrepresentados):

– A Coruña

– Lugo

– Ourense

– Pontevedra

– Santiago

– Ferrol

– Vigo

4.2. Características relativas ao fogar

Tipoloxía do fogar

Atendendo á existencia ou non de núcleos familiares dentro do fogar e á tipoloxía do núcleo, clasifícanse os fogares da seguinte forma:

Fogares sen núcleo

- Unipersoais (compostos por unha soa persoa)
- Outros (compostos por máis dunha persoa)

Fogares compostos por un núcleo

- Monoparental
  - Monoparental masculino
  - Monoparental feminino
- Parella sen fillos
- Parella con fillos
- Fogares compostos por un núcleo e alguén máis

Fogares compostos por dous ou máis núcleos

4.3. Características dos fogares relativas aos ingresos

Fogares segundo a tipoloxía de ingresos

Con referencia aos ingresos percibidos polo fogar e os seus membros no ano natural anterior á realización da enquisa, os fogares clasifícanse segundo a súa fonte de ingresos en:

Traballo: fogares que perciben ingresos debidos ao traballo, xa sexa por conta propia ou allea. Poden ter ademais outros ingresos que non sexan debidos a pensións ou subsidios.

Prestacións: fogares que perciben ingresos debidos a pensións contributivas ou non contributivas, subsidios e prestacións por desemprego ou outros subsidios e prestacións sociais. Poden ter ademais outros ingresos que non sexan debidos ao traballo.

Traballo e prestacións: fogares que perciben ingresos debidos ao traballo e tamén a pensións ou subsidios. Poden ter ademais outros ingresos debidos a outras fontes.

Outros ingresos: fogares que perciben ingresos debidos ás rendas da propiedade ou do capital, rendas de compañías de seguros, transferencias doutros fogares ou outro tipo de ingresos que non sexan debidos ao traballo ou a pensións ou subsidios.

Fogares segundo a principal fonte de ingresos

A principal fonte de ingresos é a que representa a maior porcentaxe do total de ingresos percibidos polo fogar.

Os fogares clasifícanse segundo as fontes de ingresos nos seguintes tipos:

Traballo: fogares que teñen como principal fonte de ingresos os debidos ao traballo, xa sexa por conta propia ou allea.

Prestacións: fogares que teñen como principal fonte de ingresos os debidos a pensións contributivas, subsidios e prestacións por desemprego ou outros subsidios e prestacións sociais.

Rendas: fogares que teñen como principal fonte de ingresos as rendas tales como alugueiros, xuros bancarios, rendas das compañías de seguro e outras rendas da propiedade.

Outros ingresos: fogares que teñen como principal fonte de ingresos as transferencias doutros fogares, os ingresos extraordinarios como lotería, gratificacións, etc. ou outros ingresos non incluídos anteriormente.

4.4. Características relativas ao nivel de estudos

Nivel de estudos alcanzado

Utilízase a seguinte clasificación harmonizada coa Clasificación Nacional de Educación 2014 (CNED-2014):

Educación primaria e inferior: inclúe as persoas que non saben ler e/ou escribir, as persoas que saben ler e escribir e foron menos de 5 anos á escola e as persoas que cursaron a educación primaria.

Primeira etapa de educación secundaria: inclúe as persoas que cursaron 3º ESO, EXB completa ou 4º curso de bacharelato elemental, as persoas que teñen certificado de escolaridade, graduado escolar, graduado en ESO, bacharelato elemental ou certificado de estudos primarios e as persoas con certificado de profesionalidade de nivel 1 ou 2 ou que superaron un programa de cualificación profesional inicial ou un programa de garantía social.

Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior: inclúe as persoas que teñen unha titulación de bacharelato, COU ou preuniversitario, as persoas cunha titulación de formación profesional, artes plásticas e deseño e deportivas de grao medio e similares e as persoas con certificado de profesionalidade de nivel 3 ou título propio universitario que precisa do título de bacharel de duración igual ou superior a 1 semestre e inferior a 2 anos.

Educación superior: inclúe as persoas cunha titulación de formación profesional, artes plásticas e deseño e deportivas de grao superior, as persoas cun título propio universitario que precisa do título de bacharel de 2 ou máis anos de duración, diplomatura, licenciatura ou grao universitario, as persoas cun título propio universitario de experto ou especialista, máster ou especialidade en ciencias da saúde polo sistema de residencia e as persoas cun doutorado universitario.

4.5. Características relativas á relación coa actividade económica

Atendendo á relación que tiveron coa actividade económica os membros do fogar de 16 ou máis anos na semana de referencia (a anterior a aquela na que se realiza a entrevista), distinguimos entre:

Poboación activa: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia satisfán as condicións para a súa inclusión entre as persoas paradas ou ocupadas.

Poboación ocupada: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea (persoas asalariadas) ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- Traballando polo menos unha hora por un soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie.
- Con emprego, pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo, pero mantendo un forte vínculo con el. A forza deste vínculo determínase de acordo coa crenza en reincorporarse ou non á empresa e coa percepción ou non dalgún tipo de remuneración.

Poboación parada: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron:

- "Sen traballo", isto é, que non tiveron un emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- "Na procura de traballo", é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- ”Dispoñibles para traballar", é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nos seguintes 3 meses á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poderse incorporar á empresa e que buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

Poboación inactiva: abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia.

4.6. Características relativas á situación profesional (módulo de condicións no traballo)

Atendendo á situación profesional na que se atopan as persoas ocupadas na semana de referencia, distinguimos entre:

Asalariada: persoa que na semana de referencia estivera traballando para unha empresa privada ou para a Administración ou empresa pública a cambio dun soldo, salario, comisión, pagamento segundo resultado, gratificación ou calquera outra forma de remuneración en metálico ou en especie.

Empresaria ou profesional que emprega persoal: persoa que leva a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio, e que con este motivo contrata un ou máis empregados ou traballadores aos que remunera mediante un soldo, xornal, comisión, etc.

Empresaria sen asalariados ou traballador independente: persoa que leva a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio, pero non ten persoas asalariadas, aínda que pode recibir a axuda de colaboradores familiares non remunerados.

Axuda familiar: persoa que traballa sen remuneración regulamentada na empresa dun familiar co que convive.

Outro tipo: dentro deste grupo entrarían os membros de cooperativas de traballo asociado que traballan nela, así como persoas ocupadas que non se puideron clasificar nalgunha das categorías anteriores.

4.7. Características relativas á rama de actividade

Atendendo á actividade económica do establecemento do que dependen laboralmente os ocupados, os ingresos clasifícanse en catro grandes ramas:

Agricultura: comprende a letra A da CNAE-2009, é dicir, agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca.

Industria: comprende as letras B, C, D e E da CNAE-2009, é dicir, as industrias extractivas, industrias manufactureiras e produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga.

Construción: comprende a letra F, é dicir, a construción.

Servizos: comprende desde a letra G a U da CNAE-2009, é dicir, comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e de artigos persoais e de uso doméstico, hostalería, transporte, almacenamento, comunicacións, intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, Administración pública, Defensa e Seguridade Social obrigatoria, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais.

4.8. Características relativas á ocupación (módulo de condicións no traballo)

Atendendo á ocupación que desempeñan as persoas ocupadas, estas clasifícanse de acordo coa Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-11) a nivel dun díxito, excluíndo en

todas as táboas as ocupacións militares pola falta de mostra suficiente para ofrecer estimacións precisas.

5. Ámbito da enquisa

Ámbito poboacional

As poboacións obxecto de investigación son: o conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais e o conxunto das persoas que conforman estes fogares.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico da enquisa abarca todo o territorio galego. Dentro de cada provincia os concellos agrúpanse en áreas, cada unha das cales é unha comarca ou unha agregación de comarcas veciñas.

Ámbito temporal

Os períodos de referencia son distintos para as diversas variables recollidas na enquisa distinguíndose os seguintes:

Semana de referencia: é a semana inmediata anterior (de luns a domingo) á da entrevista. Este período de referencia utilízase nas variables de relación coa actividade. Non obstante, na epígrafe de experiencia profesional e busca de emprego hai variables con períodos de referencia especiais como:

- Para o método ou métodos de busca activa de emprego utilízase un período de catro semanas que remata ao final da semana de referencia.
- A dispoñibilidade para traballar refírese aos quince días seguintes ao domingo da semana de referencia.

Momento actual: enténdese por momento actual o último día (o domingo) da semana de referencia.

Ano natural anterior á realización da enquisa: é o período de referencia das preguntas do módulo xeral referidas aos ingresos percibidos, os gastos efectuados, o aforro en alimentos e reparacións e a situación económica do fogar.

Ademais, nalgunhas preguntas illadas recóllese información referida a outros momentos de tempo, como, por exemplo, o período dos doce últimos meses, dos tres últimos meses, do último mes...

A información recollida no módulo xeral vai referida á poboación e fogares existentes a 31 de decembro do ano natural anterior á realización da enquisa (momento 2), mentres que a

información correspondente aos módulos específicos está referida á poboación e fogares existentes ao momento da realización da enquisa (momento 1).

6. Unidades da enquisa

Unidades de análise

Distínguense dous tipos de unidades de análise: fogar e persoa membro do fogar.

O fogar é a unidade básica de análise. Cando se analizan os datos dos fogares téñense en conta todas as persoas que conforman cada un deles.

Unidades de mostraxe

A mostraxe é bietápica. A unidade primaria de mostraxe é a sección censual e a unidade de segunda etapa é a vivenda familiar principal. Inclúense na mostra todos os fogares residentes nas vivendas seleccionadas.

7. Deseño mostral

Tipo de mostraxe

Dentro de cada área xeográfica nas que se divide cada unha das provincias galegas, a mostraxe é bietápica con estratificación previa das unidades de primeira etapa. Cada área está dividida en estratos de acordo coa seguinte clasificación:

Estrato 0: concellos autorrepresentados.

Estrato 1: concellos de máis de 20.000 habitantes.

Estrato 2: concellos de 15.000 a 20.000 habitantes.

Estrato 3: concellos de 10.000 a 15.000 habitantes.

Estrato 4: concellos de 5.000 a 10.000 habitantes.

Estrato 5: concellos de menos de 5.000 habitantes.

Nalgunha área é necesario unir estratos contiguos para evitar a existencia de estratos de escasa representatividade.

Tamaño da mostra

A mostra consta de 512 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña 180; Lugo 90; Ourense 91; Pontevedra 151. En cada sección entrevístanse 18 vivendas, co que resulta un total de 9.216 vivendas.

Selección da mostra

Nos concellos correspondentes ao estrato 0 a mostraxe é unietápica: ordénanse os fogares segundo características sociodemográficas e, a continuación, escóllese a mostra mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Para o resto dos estratos das distintas áreas a mostraxe é bietápica: en primeiro lugar ordénanse as seccións dese estrato segundo características sociodemográficas e logo escóllese a mostra de seccións mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio. Nunha segunda etapa, para a mostra de seccións xa escollidas, ordénanse os fogares desas seccións mediante as ditas características sociodemográficas e, a continuación, escóllese a mostra de fogares mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Marco da mostra

O marco que se emprega para a extracción da mostra é o Padrón de habitantes.

Distribución da mostra no tempo

As seccións mostrais de cada área son distribuídas uniformemente ao longo das semanas do trimestre, co obxecto de que todas elas estean igualmente representadas.

Estimadores

Para o cálculo das estimacións séguese un proceso que permite obter o peso ou ponderación final de cada fogar mostral en dous pasos.

Paso 1. Factor de deseño

Defínese o factor de elevación da sección s do estrato h (neste primeiro paso todas as vivendas dunha sección teñen o mesmo factor) como

$$f_{hs} = \frac{N_h}{n_h} \frac{N_{hs}}{n_{hs}}$$

onde:

N_h é o total poboacional do estrato h, h=1, ..., L,

n_h é a poboación total das seccións do estrato h que caen na mostra,

N_{hs} é o total poboacional da sección s do estrato h ($s \in s_h$ con s_h conxunto de seccións do estrato h que caen na mostra),

n_{hs} é a poboación total das 18 vivendas que caen na mostra correspondentes á sección s do estrato h que caeu na mostra.

Paso 2. Factor reponderado

A reponderación do anterior factor introdúcese para axustar a distribución de persoas que estimaríamos coa mostra á distribución de persoas na poboación respecto a determinadas características demográficas significativas.

As características que se teñen en conta para o axuste son a idade e o sexo. A distribución poboacional utilizada procede de proxeccións de poboación desagregadas territorialmente polo IGE a partir das proxeccións de poboación a curto prazo elaboradas polo INE. Utilízase así mesmo o número de fogares por área obtido mediante proxeccións realizadas polo IGE.

Este calibrado realízase mediante un programa en R baseado no paquete ReGenesees (R evolved Generalized software for sampling estimates and errors in surveys) do Instituto de Estatística italiano (ISTAT). A función distancia elixida entre os factores de elevación do paso 1 e os novos factores reponderados é a función distancia logit truncada.

A formulación xeral do problema é a seguinte:

Para cada provincia e área, sexa:

s_h o número de seccións mostrais no estrato h,

V_{hs} o número de fogares mostrais na sección s do estrato h,

P_k o total poboacional de persoas que pertencen ao grupo k, onde:

Para cada provincia k=1, ..., 32: tómanse 16 grupos de idade para cada sexo, correspondéndose os grupos de idade cos grupos quinquenais, agás o último que recolle a homes/mulleres de 75 e máis anos,

Para cada área k=1, ..., 16: tómanse 8 grupos de idade para cada sexo, considerándose os grupos de idade 0-14, 15-24, 25-34, 35-44, 45-54, 55-64, 65-74 e 75 e máis anos.

p_{hsik} o total de persoas que pertencen ao grupo k no fogar i da sección s do estrato h,

N_h o total poboacional de persoas do estrato h,

V o total de fogares existentes na área que estamos a tratar, que se obtén mediante proxeccións.

Os novos pesos w_{hsi} obtéñense minimizando a función $\sum_{h=1}^{L}\sum_{s=1}^{s_h}\sum_{i=1}^{V_{hs}} G(\frac{w_{hsi}}{f_{hs}})$ suxeita ás seguintes restricións:

$$\sum_{h=1}^{L}\sum_{s=1}^{s_h}\sum_{i=1}^{V_{hs}} p_{hsik} w_{hsi} = P_k$$

$$\sum_{h=1}^{L}\sum_{s=1}^{s_h}\sum_{i=1}^{V_{hs}} w_{hsi} = V$$

$$I \le \frac{w_{hsi}}{f_{hs}} \le S, \forall h, \forall s, \forall i$$

coa función de distancia:

$$G(x) = \left[(x-I)\log\frac{x-I}{1-I} + (S-x)\log\frac{S-x}{S-1} \right] \frac{(1-I)(S-1)}{S-I}$$

$$I, S > 0$$

O estimador do total da característica A exprésase como segue:

$$\hat{A} = \sum_{h=1}^{L}\sum_{s=1}^{s_h}\sum_{i=1}^{V_{hs}} \left(w_{hsi} a_{hsi} \right)$$

onde:

L é o número de estratos.

a_{hsi} é o total de persoas coa característica A no fogar i da sección s do estrato h.

O factor obtido é o factor do fogar e asígnase a todos os membros do fogar o factor do fogar ao que pertencen.

Calcúlanse **dous factores de elevación** (e tamén dous factores de reponderación), un coas poboación e fogares a 31 de decembro do ano natural anterior á realización da enquisa (momento 2) e outro coas poboacións e fogares ao momento actual (momento 1) que se emprega na elevación dos resultados dos módulos específicos correspondentes a este ano.

Procedementos de imputación

Dado que existe non resposta no sentido de que hai persoas que non cobren a totalidade ou parte do cuestionario, é necesario introducir procedementos de imputación para corrixir o nesgo que isto produce na estimación.

Para as variables cualitativas, o método de imputación que se utiliza é 'hot deck', mentres que para as variables cuantitativas se usan os procedementos da media truncada e da mediana.

8. Erros de mostraxe

A estimación dunha característica X é máis precisa canto máis pequeno sexa o seu erro de mostraxe.

Para estimar os erros de mostraxe utilizouse o método remostraxe de Jackknife. Para unha determinada característica X, o estimador Jackknife da varianza desa característica para a área i é:

$$\hat{V}_i(X) = \sum_{h=1}^{L_i} \frac{s_h - 1}{s_h} * \left(\sum_{s=1}^{s_h} \left(X_J^s - \hat{X}_{Jh} \right)^2 \right)$$

onde:

L_i é o número de estratos da área i,

s_h é o número de seccións mostrais no estrato h,

X_J^s é o estimador obtido despois de suprimir da mostra a sección s, volvéndose a repetir o proceso de deseño e reponderación antes descrito,

$\hat{X}_{Jh}$ é a media dos estimadores X_J^s correspondentes ao estrato h.

As estimacións da varianza dunha característica X para un total nunha provincia ou Galicia obtéñense sumando as estimacións do total desa característica X nas áreas correspondentes.

As estimacións da varianza no caso dunha media nunha provincia ou Galicia constrúense a partir da media das áreas correspondentes ponderándoas por un peso obtido ao dividir o tamaño de cada área entre o tamaño da provincia ou Galicia.

A estimación do erro de mostraxe que se proporciona é o coeficiente de variación en porcentaxe, que se obtén como $\hat{E}(\hat{X}) = \frac{\sqrt{\hat{V}(\hat{X})}}{\hat{X}} 100$.

9. Recollida de datos

Período de recollida

Durante dez semanas ao longo do segundo trimestre.

Cuestionarios

A enquisa está formada por dous módulos: módulo xeral e módulo específico.

O módulo xeral divídese en distintos submódulos:

- Identificación dos membros do fogar.
- Datos xerais.
- Relacións de parentesco entre os membros do fogar.
- Estudos realizados.

- Relación coa actividade.
- Ingresos.
- Gastos en préstamos hipotecarios, aluguer e créditos.
- Aforro en alimentos e reparacións.
- Situación económica.
- Novas tecnoloxías.
- Privación material.

O módulo específico varía cada ano.

Método de recollida de información

O entrevistador despois de contactar co fogar en visita persoal, entrevista a unha persoa do fogar que proporciona a información do cuestionario. Nesa primeira entrevista solicítase o teléfono para a depuración e inspección posterior.

O instrumento establecido para esta recollida de información é un Tablet PC no que está implementado o cuestionario mediante unha aplicación que dirixe ao entrevistador na cobertura do cuestionario (método CAPI).

Cando o módulo específico está dirixido a persoas, contémplase a posibilidade de que o entrevistador deixe o cuestionario en papel na vivenda para que o cubran os membros do fogar aos que lles corresponda. Nunha segunda fase, o entrevistador fai unha segunda visita ao fogar para recoller o segundo cuestionario e resolver todas as posibles dúbidas que puidesen xurdir ao cubriren os módulos.

10. Cambios metodolóxicos

10.1. Relativos ao tamaño mostral

Na edición de 1999 a mostra constou de 333 seccións, coa seguinte repartición por provincias: A Coruña: 130; Lugo: 51; Ourense: 45; Pontevedra: 107. En cada sección entrevistáronse 16 vivendas.

Nas edicións de 2001, 2003, 2004 e 2005 a mostra constou de 394 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 162; Lugo, 56; Ourense, 52; Pontevedra, 124. En cada sección entrevistáronse 16 vivendas, co que resultou un total de 6.304 vivendas enquisadas.

Na edición de 2002 a mostra constou de 407 seccións, coa seguinte repartición por provincias: A Coruña: 175; Lugo: 56; Ourense: 52; Pontevedra: 124. En cada sección entrevistáronse 16 vivendas, co que resultou un total de 6.512 vivendas enquisadas.

Nas edicións de 2006 e 2007 a mostra constou de 396 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 162; Lugo, 56; Ourense, 54; Pontevedra, 124. En cada sección entrevistáronse 16 vivendas, co que resultou un total de 6.336 vivendas enquisadas.

Nas edicións de 2008 e 2009 a mostra constou de 642 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 231; Lugo, 112; Ourense, 116; Pontevedra, 183. En cada sección entrevistáronse 16 vivendas, co que resultou un total de 10.272 vivendas enquisadas.

Nas edicións de 2010 e 2011 a mostra constou de 512 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña, 180; Lugo, 90; Ourense, 91; Pontevedra, 151. En cada sección entrevistáronse entre 18 e 20 vivendas, co que resultou unha mostra mínima de 9.216 vivendas enquisadas.

10.2. Relativos á selección da mostra

Ata a edición de 2007 en cada área na primeira etapa, dentro de cada estrato, as seccións eran seleccionadas con probabilidade proporcional ao seu tamaño. En cada unha destas seccións mostrais, as vivendas eran seleccionadas mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

10.3. Relativos ás definicións

Persoa sustentadora principal

Ata a edición de 2018 o criterio para determinar a persoa sustentadora principal do fogar era o seguinte:

- A persoa sustentadora principal do fogar é a persoa membro do fogar que tivo os maiores ingresos no ano natural anterior á realización da enquisa.

No caso de ser varias as que tiveran o mesmo ingreso máximo aplícase o seguinte criterio:

- Se algunha das persoas con ingresos similares máximos é a persoa de referencia, esta será a persoa sustentadora principal.
- De non estar a persoa de referencia entre as que teñen o mesmo ingreso máximo, a persoa sustentadora principal será aquela que teña a menor idade delas.

10.4. Relativos ao período de referencia dos ingresos e dos gastos do fogar

Ata a edición de 2007, os ingresos e os gastos referíanse aos doce meses anteriores ao mes do domingo da semana de referencia (semana anterior, de luns a domingo, á realización da enquisa), polo que non se correspondía cun ano natural.

10.5. Relativos aos factores de elevación

Ata a edición do 2007 o factor de deseño da sección s do estrato h (todos os fogares dun mesmo estrato teñen neste paso o mesmo factor) como:

$$f_{hs} = \frac{N_h}{n_h}$$

onde:

N_h é o total poboacional do estrato h,

n_h é o total mostral do estrato h.

Ademais, no ano 2005 levouse a cabo a revisión das proxeccións de poboación e de fogares para Galicia, o que motivou un cálculo retrospectivo dos factores de elevación da enquisa.

Por outro lado, cámbiase a función de distancia empregada no proceso de cálculo dos novos pesos reponderados w_{hsi}, estes obtíñanse anteriormente minimizando a función de distancia $\sum_{h=1}^{L}\sum_{s=1}^{s_h}\sum_{i=1}^{V_{hs}}(\frac{w_{hsi}}{f_{hs}}-1)^2 * f_{hs}$.

Todo isto trae como consecuencia a revisión dos datos xa publicados das enquisas dos anos 1999, 2001, 2002 e 2003, polo que os datos agora dispoñibles é posible que non coincidan cos publicados con anterioridade a outubro de 2005.

Así mesmo, ata a edición de 2007 calculábase un único factor reponderado empregando as proxeccións de poboación e fogares a momento actual.

Ata a edición de 2013 o axuste dos factores reponderados fíxose a 16 grupos de idade (correspondéndose cos grupos quinquenais, agás o último que era de 75 e máis anos) para cada sexo tanto en áreas como en provincias.

10.6. Relativos ás áreas xeográficas consideradas

Ata a edición de 2007 as definidas en cada provincia eran as seguintes:

Provincia da Coruña

- *A Coruña oriental:* comprende as comarcas de Arzúa, Betanzos, Eume, Terra de Melide, Ordes e Ortegal.
- *A Coruña occidental:* comprende as comarcas da Barcala, A Barbanza, Bergantiños, Terra de Soneira, Muros, Fisterra, O Sar, Noia e Xallas.
- *Comarca de Santiago*.
- *Comarca da Coruña*.
- *Comarca de Ferrol*.

Provincia de Lugo

- *Lugo sur:* comprende as comarcas da Ulloa, A Fonsagrada, Os Ancares, Terra de Lemos, Chantada, Quiroga e Sarria.
- *Comarca de Lugo*.
- *Lugo norte:* comprende as comarcas da Terra Chá, A Mariña Central, A Mariña Oriental, A Mariña Occidental e Meira.

Provincia de Ourense

- *Ourense occidental:* comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Baixa Limia, Terra de Caldelas, O Carballiño, Terra de Celanova e O Ribeiro.
- *Comarca de Ourense*.
- *Ourense oriental:* comprende as comarcas de Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana e A Limia.

Provincia de Pontevedra

- *Pontevedra occidental:* comprende as comarcas do Morrazo, O Baixo Miño, Caldas e O Salnés.
- *Pontevedra oriental:* comprende as comarcas de Tabeirós-Terra de Montes, O Condado, Deza e A Paradanta.
- *Comarca de Pontevedra*.
- *Comarca de Vigo*.

Ata a edición de 2005, na provincia de Ourense só se consideraban dúas áreas:

- *Ourense occidental e oriental:* comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Baixa Limia, Terra de Caldelas, O Carballiño, Terra de Celanova, O Ribeiro, Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana e A Limia.
- *Comarca de Ourense*.

10.7. Relativos ás variables investigadas

Nivel de estudos alcanzado

Ata a edición de 2014 utilizábase a seguinte clasificación harmonizada coa Clasificación Nacional de Educación 2000 (CNED-2000):

Persoas analfabetas: persoas que non saben ler e/ou escribir.

Estudos primarios ou equivalente

- **Estudos primarios incompletos ou equivalente:** persoas que saben ler e escribir e foron menos de 5 anos á escola.
- **Estudos primarios completos ou equivalente:** persoas que foron máis de 5 anos á escola sen acreditación correspondente, educación primaria LOXSE completa ou cinco cursos de EXB aprobados.

Educación secundaria ou equivalente

- **Educación secundaria de primeira etapa ou equivalente:** persoas que estiveron escolarizadas todo o período de educación obrigatoria e non están en posesión do graduado escolar ou equivalente; persoas que teñen o certificado de escolaridade, graduado escolar, graduado en educación secundaria (ESO), bacharelato elemental (ou ter cursado cuarto curso sen superalo), ou certificado de estudos primarios (antes da Lei xeral de educación) ou equivalente a algún dos anteriores; persoas con programas para a formación e inserción laboral que non precisan dunha titulación de estudos secundarios de primeira etapa.
- **Educación secundaria de segunda etapa ou equivalente:** persoas que teñen unha titulación de bacharelato (LOXSE), bacharelato (BUP), COU ou preuniversitario, FP I, ciclos formativos de formación profesional de grao medio ou equivalente a algún dos anteriores; persoas con programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios de primeira ou segunda etapa.

Educación superior: comprende todas as persoas tituladas diplomadas universitarias, licenciadas universitarias, FP II, ciclos formativos de formación profesional de grao superior ou equivalente a algún dos anteriores.

Relación coa actividade económica

Ata a edición de 2009 a relación coa actividade das persoas de 16 ou máis anos era identificada mediante unha batería de dezasete preguntas fronte ás tres actuais.

Rama de actividade

Ata a edición de 2007 esta variable codificábase atendendo á CNAE-93. Así, definíanse as catro grandes ramas da seguinte maneira:

Agricultura: comprende as seccións 1 e 2 da CNAE-93, é dicir, agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca.

Industria: comprende as seccións 3, 4 e 5 da CNAE-93, é dicir, as industrias extractivas, industrias manufactureiras e produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga.

Construción: comprende a sección 6 da CNAE-93, é dicir, a construción.

Servizos: comprende as seccións da 7 á 17 da CNAE-93, é dicir, comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e de artigos persoais e de uso doméstico, hostalaría, transporte, almacenamento, comunicacións, intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, Administración pública, Defensa e Seguridade Social obrigatoria, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais.

Ocupación (módulo de condicións no traballo)

Ata a edición de 2016 utilizábase a Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-94) a nivel dun díxito, excluíndo en todas as táboas as forzas armadas pola falta de mostra suficiente para ofrecer estimacións precisas.

Réxime de tenza

Ata a edición de 2009 só se preguntaba polo principal réxime de tenza da vivenda habitual.

Aforro en alimentos

Ata a edición de 2010 non se incluía a categoría de aforro en viños e licores.

Aforro en reparacións

Ata a edición de 2009 só se incluía o aforro de membros do fogar.

10.8. Relativos ao cálculo dos erros de mostraxe

Ata a edición de 2007 os erros de mostraxe estimáronse a partir de funcións xeneralizadas de varianza construídas como se detalla a continuación:

Función xeneralizada de varianza

A varianza dun estimador $\hat{A}$ dun total de clase A segue aproximadamente o seguinte modelo:

$$V\left(\hat{A}\right)=\alpha\hat{A}^2+\beta\hat{A}$$

ou en termos de erros de mostraxe:

$$\left[E\left(\hat{A}\right)\right]^2=\alpha+\frac{\beta}{\hat{A}}$$

Para obter os valores α e β calcúlanse as estimacións dos erros de mostraxe $\hat{E}(\hat{A}_i)$ de certas características mediante Jackknife e estímase unha regresión mediante mínimos cadrados ponderados, no que se pondera cada residuo pola inversa da variable dependente $E(\hat{A}_i)$. Imponse a restrición $\beta=-N\alpha$, onde N é o tamaño da poboación considerada. Con esta restrición a estimación do erro de mostraxe é cero se o valor estimado da variable coincide co total da poboación. O modelo que se utiliza é $\left[E\left(\hat{A}_i\right)\right]^2=\alpha+\frac{\beta}{\hat{A}_i}$, que equivale a $\left[E\left(\hat{A}_i\right)\right]^2=\alpha-\frac{\alpha}{\hat{p}}$ ao imporse a restrición anterior, onde $\hat{p}$ é a proporción do total $\hat{A}_i$ sobre a poboación total. Debe sinalarse que se fixeron dez regresións, dúas para cada provincia e Galicia, das que unha ía referida ás persoas e outra aos fogares, obténdose logo dez funcións xeneralizadas de varianza.

Función xeneralizada de varianza
$\left[E\left(\hat{A}_i\right)\right]^2=\alpha-\frac{\alpha}{\hat{p}}$

10.9. Relativos á recollida de datos

Período de recollida

Ata a edición de 2008, agás a edición de 2001, a recollida realizouse durante once semanas.

Na edición de 2014 realizouse ao longo do cuarto trimestre.

Na edición de 2020 realizouse ao longo do terceiro trimestre.

Método de recollida

Ata a edición de 2008 a recollida de información efectuouse mediante cuestionario en papel.